

## “CARREIRA DE FÍN DE ANO 2011 MUGARDOS-ARES-MUGARDOS”

### NORMATIVA DA PROBA:

- **DATA:** 31 DE DECEMBRO DE 2011.
- **HORARIO:** Saída ás 11 da mañá.
- **LUGAR:** Pavillón polideportivo do Cristo ( Mugardos).
- **DISTANCIA A PERCORRER:** 10 km.(non homologados)
- **IDADE:** Ter cumpridos 14 anos na data da proba.
- **CLASIFICACIÓN:** A clasificación e a cronometraxe será manual e realizada por xuíces da Delegación ferrolá de atletismo
- **INSCRICIÓNS :** Ate o 28 de decembro na [www.fgatletismo.es/ferrol/](http://www.fgatletismo.es/ferrol/)  
Retirada de dorsais no mesmo Pavillón polideportivo do Cristo dende 9:15 ata 10:45 o día da proba.
- **PERCORRIDO:**

Mugardos-Ares-Mugardos. Según rutómetro que segue:

Ás 10'50 horas concentración previa a saída da proba no Pavillón polideportivo do Cristo concello de Mugardos , na rúa do Cristo está a saída dirixíndose cara a rúa Alta, pola que se descende á rúa San Telmo, Avd. de Galicia, rúa María, para logo dun pequeno xiro na Avd. de Galicia tomar a Rúa dos Corzás dirección Ares, entrase na vila de Ares pola Avd de Mugardos ate o Paseo marítimo onde se xira á esquerda, neste punto haberá un avituallamento líquido, seguese o paseo marítimo ate que se chega á Avd. Saavedra Meneses que se percorre ate o cruce do Mazote onde se xira á esquerda cara esta rúa. Ao rematar a Rúa do Mazote acadamos de novo a Avd de Mugardos dirección Mugardos pola Ac 130 ate o Cruce dos Catro camiños en Mugardos onde se entra á rúa do Cristo para rematar a proba fronte ao Polideportivo municipal de Mugardos.

Tempo máximo de control da chegada 55' logo da saída. Avituallamento sólido e líquido para todas as persoas participantes ao chegar á meta.

O tempo estimado da proba é de entre 30 min e 55 min.

Ao remate da carreira farase unha clasificación xeral por tempos nunha categoría única. Todas as persoas participantes que rematen a proba participaran no sorteo de 10 cestas do nadal.

As dúbidas e interpretación das normas serán resoltas segundo a normativa en vigor da FGA para probas de estas características.